

Maruja Mallo

vida e exilio dunha artista universal



††† †††allo

Carlos Nuevo Cal e
Analía Álvarez González



A. C. IRMÁNS
SUÁREZ
PICALLO



Maruja Mallo, pseudónimo de Ana María Manuela
Isabel Josefa Gómez González. Galega universal, e destacada pintora
surrealista na vangarda da xeración do 27
Viveiro (Lugo) 1902 — Madrid (Madrid) 1995

Maquetación: Rafael Carballeira Coego

Edita: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo

Imprime: Lugami Artes Gráficas, S.L.

comisionsuarezpicallo@gmail.com

<http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo>

Sada - 21 de abril 2017

Directiva 2017 - presidente: Francisco A. Pita Fernández /
vicepresidenta: Manuel Pérez Lorenzo / secretaria: Vanesa Santiago
Vázquez/ vicesecretaria: Marisa Naveiro López / tesoureiro: José
Garrote Martín / vogais: Estevo Rodríguez Liste, Xosé Val Díaz, Jesús
Castro Vidal, Rafael Carballeira Coego, Xaime Rodríguez Rodríguez,
David García Pauwels, Carme Gratacós Rús, Rexina Basadre Orozco

Imaxe da portada: Mangini S. (2012). Mauja Mallo y la vanguardia espa-
ñola. Editorial Circe. 416 pp.; Imaxe nesta páxina: Maruja Mallo da entre-
vista televisiva do programa A Fondo emitida no canal La 2 (RTVE).

D.L. C 814-2014

Tirada: 500 exemplares

A Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo a través da serie de publicacións *Cadernos de Estudos Xerais* cobre o eido que o seu compromiso coa Cultura obriga, e que coma neste caso transcende os propios limes de Galiza para tentar abranguer e achegar unha figura de dimensión universal coma é Maruja Mallo. Especialmente co gallo de dedicarlle a Real Academia Galega de Belas Artes este ano o Día das Artes Galegas (1 de abril 2017), e polo que se realizarán ao longo deste ano múltiples ciclos de conferencias e actos entorno a súa figura (<http://www.academiagallegabellasartes.org/noticias.asp?idNoticia=409&tipo=1>).

O presente traballo recolle a traxectoria vital e a obra de Maruja Mallo, moi desdubuxada na lembranza distante dunha memoria cultural na que permanecía esquecida, e que pola inercia mesma da importancia da súa obra pictórica se require a revisión e síntese da súa figura.

Non obstante, será a héxira de Maruja Mallo a que marcará profundamente a súa vida e obra, a que promoverá a súa internalización e na que chegará a compartir vivencias con algúns dos máis altos protagonistas recoñecidos a nivel mundial no eido das Artes do século XX. Este período no exilio de Maruja Mallo abrangueu dende o comezo da Guerra Civil, pasando por boa parte da Ditadura española, ata concluír co seu regreso a España en 1962 no que residiría en Madrid ata a súa morte en 1995.

O recoñecemento da súa obra pictórica e a súa figura non só se circunscribe á multitude de premios e galardóns que lle foron outorgados por diversas institucións, entre as que destacan a Medalla de Ouro ao mérito nas Belas Artes do Ministerio de Cultura de España (1982), a Medalla de Ouro da Comunidade de Madrid (1990) ou a medalla de Ouro da Xunta de Galiza (1995).



Cartel do Día das Artes Galegas,
1 abril 2017, dedicado a
Maruja Mallo

Dedicáronse colexios e institutos, coma o C.E.I.P. Maruja Mallo (Alhaurín de la Torre, Málaga) e o I.E.S Maruja Mallo (Ordes, A Coruña), ou incluso rúas levan o seu nome nas cidades de Estepona, Almería, un pasaxe en Málaga e Mérida, e unha avenida no distrito de Hortaleza en Madrid.

Tamén Radio Televisión Española (RTVE) realizou un documental que recopila a súa obra e figura titulado: “Maruja Mallo, mitad ángel, mitad marisco” (<http://www.rtve.es/alacarta/videos/imprescindibles/imprescindibles-maruja-mallo/966721/>), en honra as verbas que lle dedicou Salvador Dalí. Tamén se trata a súa figura no documental da mesma cadea “Las sin sombrero, Generación del 27” (<http://www.rtve.es/alacarta/videos/imprescindibles/imprescindibles-sinsombrero/3318136/>). En ambos recóllense tamén entrevistas concedidas a programas de televisión nacionais coma A Fondo emitido no canal La 2 o 14 de abril de 1980.



Titulares pola morte de Maruja Mallo

“Falleció Maruja Mallo última representante del surrealismo histórico”

“Su obra tiene trascendencia mundial”

Heraldo de Aragón (8 de febreiro de 1995, p.37)

Actualmente parte da obra pictórica de Maruja Mallo descansa no Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside (Castro de Samoeiro, Sada), [<http://museos.xunta.gal/es/carlos-maside>]; Colección de arte Afundación ABANCA (Vigo) [<http://coleccion.abanca.com/es/Coleccion-de-arte/Artistas/ci.Maruja-Mallo.formato7.html>]; Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (Madrid) [<http://www.museoreinasofia.es/coleccion/autor/mallo-maruja>]; Colección de Arte da fundación Mapfre (Madrid) [<https://coleccionarte.fundacionmapfre.org/autores/maruja-mallo/>] e a Real Academia de Belas Artes de San Fernando (Madrid) [<http://www.realacademiabellasartes.sanfernando.com/es/>].

MARUJA MALLO, ARTISTA UNIVERSAL
(1921-1936)

Carlos Nuevo Cal

INTROITO

A Real Academia Galega de Belas Artes declarou oficialmente o 2017, como o Ano de Maruja Mallo, dedicatoria que aproveitamos, recollendo a invitación da A.C. “Irmáns Suárez Picallo”, para achegarnos novamente a unha figura tan universal e excepcional como a pintora viveiresa.

Maruja Mallo (Viveiro, 1902 - Madrid, 1995) está considerada como unha das personalidades artísticas mais singulares e poliédricas no tempo das vangardas do pasado século XX. Trátase, que dúbida cabe, dunha creadora xenial que presenta multitude de arestas ou rexistros tan diferentes como complementarios ao mesmo tempo. Non debemos esquecer que un crítico de arte tan esixente como José María Quiroga Pla chegou a cualificala de “pintor” despois do grande éxito acadado na Exposición nos Salóns da Revista de Occidente. A nosa protagonista non reduciría a súa obra exclusivamente ao mundo do “cabaleté”, senón que experimentaría amplamente en diversos eidos artísticos como ilustradora, ceramista, escenógrafa, muralista ou, mesmo deseñadora, ademais de exercer como profesora, escritora e teórica da arte. Ao longo de toda a súa vida, Maruja Mallo foi unha profunda estudiosa da arte e unha innovadora total que mantivo sempre grande curiosidade por case todo, como os vellos mestres renacentistas, o cal, xunto co seu carácter decidido e valente convertérona, pese a todos os atrancos, nunha muller moderna ou, mesmo referencial, nunha época na que en España, as mulleres, aínda non acadaran nin o dereito ao voto.

DOS ANOS INCIÁTICOS Á ESCOLA DE BELAS ARTES: RELACIÓN CON SALVADOR DALÍ

Temos escrito amplamente sobre o seu nacemento en Viveiro (1902-1904), da súa nenez en Corcubión (1904-1913), cos seus tíos Ramiro González Lorenzo e Juliana Lastres Carrera, ou dos felices anos de adolescencia en Avilés (1913-1922), na compañía da súa familia natal. Sería, precisamente na cidade avilesina, onde o seu pai, o administrador de alfándegas Justo Gómez Mallo, en vista da afección da mociña “Marujita” e do seu irmán Cristino polas artes, decidiu alugar un amplo local como estudo para que ambos recibisen clases nel da man do pintor Andrés Sandoval ou ben de Nicolás Soria, pois tanto un como outro, dedicábanse, naqueles anos, a dar clases particulares polas casas.

En setembro de 1921, Maruja Mallo trasladouse a Madrid para realizar por oficial o curso preparatorio de ingreso na Escola Especial de Pintura, Escultura e Gravado da Real Academia das Belas Artes de San Fernando. Logo de residir, xunto co seu irmán Justo, nunha pensión madrileña e aprobar os exames ordinarios (Práctico e Oral), regresou para pasar as vacacións estivais en Avilés. Aquí, coincidindo coas festas da localidade no mes de agosto de 1922, faría o seu debut pictórico na II Exposición Colectiva de Arte Avilesino, organizada por Luis Lumen e José Francés. As críticas sobre os diferentes participantes María Galán, R. Caso de los Cobos, Florentino Soria, Alfredo Aguado, Juan e Gonzalo Espolita, Ximpa ou Armando F. Cueto, entre outros, sucedéronse na prensa local entre finais de agosto e principios de setembro. No caso da pintora viveiresa, as críticas foron do máis favorable por parte de Ramón Ovies e do catedrático da Universidade de Oviedo, Benito Álvarez Buylla. Na Exposición, Mallo presentara unha serie de retratos de familiares e de persoas achegadas ao círculo de amigos, así como un conxunto de diversas paisaxes. Convén especificar que todas estas obras correspondían aos anos de aprendizaxe iniciático avilesino, previo ao seu ingreso en Belas Artes.

“Cabezas y
atletas”

(Maruja
Mallo,
s.d.)



Unha vez en Madrid, Maruja Mallo comezou a estudar a carreira de Belas Artes, que principiou no curso académico de 1922-23 e rematou tres anos máis tarde no curso 1925-1926. Durante estes cursos de estudante coñeceu a diversos compañeiros e compañeiras de aulas como Carmen Ramos, Margarita Manso, Remedios Varó, Matilde Barrachina, Alfonso Ponce de León, Emilio Aladrén, Josep Rigol Formiguera ou Salvador Dalí, entre outros. Precisamente, a amizade con Dalí debeulle servir á nosa protagonista para coñecer de primeira man, por vía bibliográfica e hemerográfica as novas tendencias da arte moderna, pois o mozo catalán recibía, entre outros, o xornal comunista francés L’Humanité, a revista parisina L’Esprit Nouveau ou a revista milanese Valori Plastici, considerada como a revista máis vangardista do momento. Ademais, Dalí, tamén lle facilitou diversos libros sobre arte que lle mandaba o seu tío Anselm Domenech, propietario da Llibrería Verdaguer de Barcelona. Salvador Dalí que, á altura, sentía fonda admiración por Picasso e polo cubismo, relacionábase tamén cos ultraístas Pedro Garfias e co galego Eugenio Montes, así como co artista uruguaio Rafael Pérez Barradas, que estaba considerado

como o máximo representante do vibracionismo. O brillante colorido e a sensación de movemento que transmitían os cadros de Barradas motivaron a admiración de Dalí, e a través deste, Maruja Mallo entrou tamén en contacto co artista ríopratense, como testemuña a serie de acurelas “Sueños sonámbulos”, realizada por Dalí en decembro de 1922. Nunha das viñetas evócase o ambiente nocturno do vello Madrid, unha cidade tenuemente iluminada, de luces e sombras, rañaceos, igrexas, campanarios, tabernas, calexas e lupanares que son percorridos a altas horas da madrugada por un grupo de amigos composto por Dalí, Buñuel, Rafael Barradas e Maruja Mallo.

No verán de 1923, Maruja Mallo participou en dúas exposicións de Arte Galega celebradas durante os meses de xullo, agosto e setembro nos Salóns do Casino de Santiago de Compostela e no Pazo Municipal de A Coruña. En ambas as dúas mostras expuxo a mesma obra, composta por tres retratos realistas que obedecían fielmente ao tipo de ensinanza académica e aos parámetros clásicos do denominado “nacionalismo pictórico”, alleo por completo a calquera influencia innovadora da arte moderna ou de vangarda. A vulgar polas crónicas da época, a súa participación pasou bastante desapercibida. O gran poeta vangardista de Rianxo, Manuel Antonio, contáballe por medio dunha carta a súa particular valoración ao pintor Álvaro Cebreiro:

*“Antonte fun a Santiago c’o ouxeto de ver a Exposición. Unha exposición de casino señoriteiro ... Algún artista, poucos pintores e moitos pintadores. Non se ve un disparate nin unha audacia: tanta sensatez da noxo”*¹

As influencias de Dalí sobre Maruja Mallo, durante o tempo que permaneceu en Belas Artes, antes da súa expulsión definitiva en 1926, tiñan moito que ver co intento daliniano de rescatar as técnicas da pintura renacentista que o levaron a investigar encol da alquimia, do pitagorismo e do hermetismo, campos todos eles nos que andando o tempo tamén entraría Maruja Mallo. Grazas a unha protesta que tivo lugar o día 4 de abril de 1925, por mor da prohibición aos estudantes de Belas Artes de entrar ao Centro pola Rúa de Alcalá como viñan facendo habitualmente e ter que facelo, en adiante, pola Rúa da Aduana, sabemos que a nosa protagonista xa empregaba o nome de Maruja G. Mallo, ao asinar calquera documento, como neste caso o da protesta. A utilización por parte da artista do segundo apelido do seu pai

¹ Carta de García Sabell, D. (ed.) Manuel Antonio. III Correspondencia, Vigo, Galaxia, 1979, p. 220.

como nome artístico, semella que fora un consello da súa irmán Emilia, segundo nos teñen contado fontes familiares.

Debido a un novo traslado do seu proxenitor a illa de Santa Cruz de Tenerife no verán de 1925, Maruja Mallo, xunto coa súa nai María Pilar e dúas das súas irmás, Emilia e Montserrat, tiveron a oportunidade de acompañar temporalmente a D. Justo ao seu novo destino e deste xeito coñecer as illas “afortunadas”, que foron para Maruja “una sorpresa de la naturaleza”. A singular vexetación e as paisaxes volcánicas tinerfeñas impresionaron fortemente a nosa artista, como puxo de manifesto moitos anos despois durante o seu exilio americano, coincidindo coa descuberta das praias e paisaxes virxes do Uruguai, momento no que volve a recordar a sorpresa que producira nela a explosión de luz e cor dos “ceos baixos” insulares:

“(…) En enero de 1941 –cuenta- conocí las playas del Uruguay. Fueron para mí una sorpresa. La sorpresa de su cielo de grandes estrellas, cuyas constelaciones parecen estar al alcance de la mano –los “cielos bajos”, como los llaman los habitantes afortunados de las islas Canarias”²

Maruja, ademais de realizar diversas excursións e saídas polos arredores, aproveitou a viaxe a Canarias para pintar, realizando diversos apuntes, bosquexos e cadros como Isleña (máis coñecido como La mujer de la cabra) e dúas cabezas, feminina e masculina de xitanos da illa, obras que presentou ao público por vez primeira na Exposición da Feira de Muestras de Xixón, en 1927.



“Espantapájaros”
(Maruja Mallo, 1929)

“La Bicicleta”
(Maruja Mallo, s.d.)



² “Maruja. Entre rosas y orquídeas”, Estampa (Argentina, 25-1-1943).

En Canarias, Maruja Mallo tamén coñeceu ao escritor e crítico de arte Ernesto Pestana Nóbrega co que manterá relacións anos despois, a través da revista tinerfeña La Rosa de los Vientos. As relacións da nosa artista con Tenerife reforzaríanse durante a República coa publicación da Gaceta de Arte e cos contactos co poeta Pedro García Cabrera (a quen ilustraría Maruja o volume Transparencias fugadas) ou co escritor, crítico da arte e fotógrafo, Eduardo Westerdahl.

No mes de setembro de 1925, Maruja Mallo regresou de Canarias xunto coa súa nai e irmáns, desembarcando no porto de Vigo. Dende alí, logo de visitar á súa familia viguesa, continuarían o seu periplo de visitas familiares a Compostela e A Coruña para regresar en tren ao fogar de Madrid.

AMIZADE CON CONCHA MÉNDEZ

Uns meses antes da viaxe a Canarias, tivera lugar a denominada Exposición da Sociedade de Artistas Ibéricos que se celebrou no parque do Retiro, en Madrid, o 28 de maio de 1925 con recital poético de García Lorca, naquela mostra tivo lugar o encontro onde se coñeceron Maruja Mallo e a escritora Concha Méndez e Rafael Alberti, personaxes cos que tanta relación mantería en adiante, como veremos.

Os lazos de amizade e o progresivo proceso de concienciación que se produciría entre ambas as dúas amigas sería do máis enriquecedor, segundo ten contado a propia Concha Méndez (daquela era a moza “segreda” de Buñuel) nas súas memorias ³. O carácter libre ou, mesmo, desenfadado de Maruja, levaríaa a rachar con todo tipo de normas e costumes burguesas, propias dunha sociedade tan patriarcal e misóxina como a española dos anos vinte:

*(...) la gente que me rodeaba la había conocido en los bailes, jugando al tenis, o en las corridas de toros. Todos estos amigos se resumían en el aforismo de Balzac: “La vida elegante es el arte de no hacer nada”. Deseaban sólo vagar y divertirse. Tenían educación para el trato y buenas costumbres; porque en la escuela nos preparaban para hacer un buen papel en sociedad. **Maruja Mallo**, que proponía liberar las reacciones primarias, la espontaneidad, decía que todos esos buenos tratos y buenas costumbres no eran más que mala educación. Decía que el colegio nos condicionaba a ser unos hipócritas”* ⁴

Fronte ao prototipo da muller obxecto, sometida totalmente ao home e ao modelo de sociedade tradicional cunha férrea moral vitoriana, Maruja Mallo sempre reaccionou como unha muller nova, moderna, progresista e capaz de derrubar calquera tipo de atavismo ou traba social que impedise á muller a igualdade co home. Contra esa estrita separación de sexos e contra a cerrazón en determinados roles e funcións loitaron ambas, mesmo no plano anecdótico do “sinsombreirismo” ou na prohibición de entrar nas tabernas:

*(...) Estaba prohibido que las mujeres entraran a las tabernas; y nosotras, para protestar, nos pegábamos a los ventanales a mirar lo que pasaba dentro”*⁵

Realmente, os primeiros contactos que tivo a nosa pintora coa intelectualidade madrileña foron a través do seu irmán Justo, que a levaba con el ás tertulias musicais que celebran regularmente nas súas casas os destacados compositores e directores de orquestra Enrique Fernández Arbós e Bartolomé Pérez Casas. Ademais, tamén asistían á casa dos Baroja-Nessi, cos que os unía certa amizade familiar, relacionándose especialmente co pintor Baroja Nessi e coa súa dona, a tamén pintora Carme Monné. Outros amigos de Justo eran José Bergamín, Manuel Criado del Val, Francisco García Carrillo e Pepe Lobo, entre outros.

Resulta curioso comprobar o gran interese que manifestaban tanto Maruja Mallo como Concha Méndez pola cultura naqueles anos de formación: “íbamos al Museo del Prado y a las conferencias de Eugenio d’Ors, a las verbenas y a los barrios bajos de Madrid”. Así mesmo, tamén teñen visitado a determinadas figuras ilustres como Valle Inclán ou a curiosa tertulia de Arbiz:

*(...) En esa época frecuentábamos una tertulia arcaica y divertida en casa de Arbiz, el director de la filamónica de Madrid. Era una reunión de viejos con mentalidad atrasada que no dejaban de sorprenderse porque dos chicas de familia saliéramos solas a la calle; me gustaba ir por los comentarios, porque de repente nos hacían cada pregunta picante que nos mataba de risa”*⁶

³ Ulacia Altolaguirre, Paloma: Concha Méndez. Memorias habladas, memorias armadas, Madrid, Mondadori, 1990.

⁴ Ibidem, páx.: 43

⁵ Ibidem, páx.: 51.

Outra das actividades das dúas amigas consistía en asistir aos actos e conferencias do chamado Lyceum Club Femenino, fundado nese mesmo ano en Madrid. A asociación feminina tamén acudían outras mulleres tan representativas naquela época como María de Maeztu, Victoria Kent, Carmen Monné, Zenobia de Camprubí, Pilar Zubiarre, Pura Ucelay ...

Logo de rematar a carreira de Belas Artes no curso académico 1925-1926 e coa finalidade de continuar perfeccionando as técnicas pictóricas, primeiro co seu antigo profesor José Moreno Cambronero e despois co pintor Julio Moisés, Maruja Mallo aproveitou a súa orixe viveiresa para solicitar unha bolsa de estudos á Deputación de Lugo, que aprobou a súa petición na sesión do 15 de xuño de 1926.

Coincidindo co ano Xacobeo, Maruja Mallo participou nunha nova exposición de Arte Galego que tivo lugar no mes de xullo de 1926, nos salóns do Colexio San Clemente en Santiago de Compostela. A obra presentada aínda continuaba a liña realista da Exposición do ano 1923, con maioría de retratos e paisaxes de Corcubión.

Grazas ao apoio económico da Deputación luguesa, a pintora viveiresa vai comezar a afastarse totalmente dos canons académicos, rebelándose contra o “tipismo” e o costumismo pictórico. Os modelos a seguir van ser o cubismo picassiano ou Juan Gris, xunto coas influencias das vangardas.

A morte da súa nai Pilar no Nadal de 1926 levou á nosa artista a un clima de certa introversión e recolleemento espiritual que a motivaba a pasar horas enteiras totalmente abstraída do mundo exterior, lendo libros, revistas de arte e pintando.


Entre 1926 e 1927 produciuse o grande cambio estético de Maruja Mallo, que pese ao seu significativo eclecticismo orixinou a súa eclosión definitiva como artista singular. Un dos motivos principais do cambio viría dado pola edición do libro *Realismo mágico. Post-Expresionismo*, de Franz Roh, traducido ao español en 1927, da man de Fernando Vela e da Revista de Occidente. En adiante, a nosa artista comezou a pintar toda unha serie de cadros con temática de verbenas, elementos deportivos, bañistas e espidos de praia que axiña suporían un aire novo na pintura española da época. Utilizaría como modelo a súa amiga Concha Méndez, que pola súa constitución atlética semellábase aos modelos tubulares legerianos:

⁶ Ibidem, páxs.: 52-53.

*“(...) me tomaba a mí como modelo. Pintó una chica en bicicleta, que era yo; y mi raqueta de tenis, que era muy bonita, también la inmortalizó. Hizo una serie de cuadros de las verbenas madrileñas que eran maravillosos, en ellos plasmaba muchas de las imágenes que surgían en nuestras conversaciones”*⁷

Ademais das teorizacións de Roh ou da técnica simultaneísta de Barradas, tamén influíron nela os pintores da nova obxectividade alemá, os metafísicos italianos que tiñan colaborado coa revista *Valori Plastici*, Picasso, Derain, Ferdinand Léger ou Miró.

Igualmente, distintos críticos como Francisco Rivas, Ana Vázquez de Parga ou Pablo Jiménez consideran a súa pintura como froito da síntese de diversas tendencias de vangarda, como o vibracionismo, o cubismo, o futurismo, o planismo e o surrealismo. Pola nosa banda, creemos que a pintura de Maruja, pese a ser debedora de diversas fontes, é o suficientemente orixinal para figurar entre as artistas máis singulares da época.



A RELACIÓN INICIAL CON ALBERTI

Se importante foi a relación de Maruja coa súa amiga íntima e “modelo” Concha Méndez, non menos intensa foi a relación afectiva e intelectual que mantivo co poeta Rafael Alberti ao que coñecera, como dixemos, a finais de maio do ano 1925. Son varios os autores que teñen escrito sobre os gustos comúns e das influencias mutuas entre ambos os dous personaxes. Así, José María Quiroga Pla, fondo coñecedor da obra da nosa pintora, ten chamado a atención sobre as semellanzas dalgúns textos do poemario albertiano *Cal y canto*, escrito entre 1926 e 1927, e os cadros das verbenas populares de Maruja:

*“A ratos, leyendo esta poesía, parece que tengamos ante los ojos, traspuestas a verso, estampas de Maruja Mallo. El mismo aire de verbena, la misma arbitrariedad traviesa y sonriente, idéntica atmósfera y luz de juego”*⁸

Nestes anos, as colaboracións comúns entre o escritor e a artista xiraban ao redor da farsa teatral *La Pájara Pinta* e da farsa musical *Colorín Colorete*, relativamente frustradas ao non chegaren a representarse durante moitos anos.

⁷ Ibidem, páx.: 51.

Nelas, Maruja Mallo colaboraba coa realización de diversos debuxos e figuríns, actualmente perdidos na súa maioría.

Debemos apuntar, igualmente, que os nosos protagonistas coincidían grandemente na súa visión sobre a importancia de conxugar o popular, a tradición, coa modernidade, desbotando agora, en grande medida, os “excesos” das vangardas literarias e artísticas, como pon de manifesto o propio Alberti:

(...) “Que rozara los “ismos”, que me contagiara a veces de ellos hasta parecer de pronto apresado en sus mallas, era inevitable y natural. Los “ismos” se infiltraban por todas partes, se sucedían en oleadas súbitas, como temblores sísmicos, siendo más que difícil el resultar del todo ileso en su incesante flujo y reflujo. Pero, en definitiva, puedo ya, a tanta distancia, preguntarme: ¿a que “ismo” determinado pertenece hoy mi obra o la de todos los poetas españoles de mi generación? Creo poder afirmar que a ninguno, que nuestra poesía, en sus momentos más altos, estuvo por encima de las modas, que pocas veces se entretuvo en pasatiempos estériles, constituyendo así la verdadera vanguardia”.



Maruja Mallo e Rafael Alberti

Rafael Alberti que, á altura, xa tiña gañado e publicado o premio nacional de literatura con *Marinero en tierra* (1924), continuou a elaboración da súa obra creativa cos poemarios: *La amante* (1926), *Cal y canto* (1926-27) e *El alba del alhelí* en 1927. Nestas obras reflectía xa un grande dominio da mitoloxía, da poesía culta española e dos cancioneiros populares, coñecementos que compartiría a cotío coa súa compañeira, tanto nas conversas como nos longos paseos que realizaban por Madrid.

⁸ Quiroga Pla, José María: Rafael Alberti, Ulises adolescente, *Revista de Occidente* (Madrid, 1929).

Certamente, a primeira vez que Maruja Mallo amosa o seu gran cambio pictórico foi na exposición da “Feria de Muestras” de Xixón, celebrada en agosto de 1927. Aquí, anticipou parte da obra que presentaría ao ano seguinte na exposición da *Revista de Occidente*, mostrando por vez primeira dous grandes cadros de temática popular, as “Verbenas”, e dous cadros máis sobre a temática das máquinas e do deporte, que reflectían a exaltación da máquina, da vida moderna e cosmopolita. Logo do éxito xixonés a nosa artista volveu de vacacións a Galicia, na compañía do seu irmán, o escultor Cristino para visitar aos seus familiares galegos.

Durante o ano 1928 as relacións afectivas entre Maruja Mallo e Rafael Alberti sufriron constantes altibaixos e tirapuxas con sucesivas reconciliacións pasionais, motivadas, principalmente, pola crise de valores que experimentou o poeta. Este, comezou a entrar nunha profunda depresión, como el mesmo ten relatado no seu libro *La arboleda perdida*:

*“¿Qué espolazo en la sombra me separó casi insensiblemente de la luz, de la forma marmórea de mis poemas inmediatos, del canto aún no lejano de las fuentes populares, de mis barcos, esteros y salinas, para arrojarme en aquel pozo de tinieblas, aquel agujero de oscuridad, en el que bracearía casi en estado agónico, pero violentamente, por encontrar una salida a las superficies habitadas, al puro aire de la vida”*⁹

Debido á crecente desazón e ao desequilibrio emocional de Alberti, Maruja Mallo decidiu acompañalo fóra da gran cidade, polos extrarradios de Vallecas, na busca da soidade e do illamento que lle reportase ao poeta a volta á normalidade. Desta época foron os primeiros contactos da nosa parella con Benjamín Palencia e co escultor toledano Alberto Sánchez, que anos máis tarde formarían parte da denominada Escola de Vallecas. Froito destas excursións polos arrabaldes e basureiros madrileños xurdiría, algún tempo despois, a etapa surrealista da nosa pintora coa serie Cloacas y Campanarios.

Mais nin o isolacionismo nin a propia compañía de Maruja foron suficientes para curar os terribles pesadelos e os recorrentes insomnios do poeta, que cada día se afundía moito máis nun pozo tan literario como existencial:

“A mí me habían quedado ya muy lejos mis canciones de “Marinero en tierra”, “La amante”, “El alba del alhelí”. También la poesía de “Cal y canto” se me iba desapareciendo. Ya los ángeles comenzaban a darme


⁹ Alberti, Rafael: *La arboleda perdida*, I. *Primero y segundo libros (1902-1931)*, Madrid, Alianza Editorial, 1998, p. 290.

*fuertes aletazos en el alma. Pero mis ángeles no eran los del cielo. (...) y los insomnios y pesadillas me llevaban a amanecer a veces derribado en el suelo de la alcoba. De la mano de Maruja recorrí tantas veces aquellas galerías subterráneas, aquellas realidades antes no vistas, que ella, de manera genial, comenzó a revelar en sus lienzos”*¹⁰

Finalmente, o desastre chegaría con toda a súa virulencia logo de que Rafael Alberti traizoase amorosamente a Maruja Mallo, logo de manter unha pasaxeira aventura amorosa con Vitoria Amado, sobriña de Carlos Arniches,


Cheo de pesadelos, de dúbidas e angustias vitais, Alberti decidiu trasladarse a comezos do mes de abril de 1928 á Tudanca (Santander), a unha casona de campo propiedade do seu amigo o escritor taurino José María de Cosío. Alí, logrou recuperarse animicamente e rematar o seu libro poético *Sobre los ángeles*.

Rafael Alberti permanecería en Tudanca ata finais de xuño de 1928, momento no que regresou a súa casa natal do Porto de Santa María.



“El racimo
de uvas”

(Maruja
Mallo, s.d.)



“La mujer
de la cabra”
ou “Isleña”
(Maruja
Mallo, 1926)



¹⁰ Alberti, Rafael: “De las hojas que faltan”, *El País* (Madrid, 29-9-1985).

O realismo máxico: Verbenas e estampas

Grazas a estreita relación que mantiña o pai da nosa pintora con Melchor Fernández Almagro, este conseguiu que o escritor, xornalista, filósofo e promotor da prestixiosa Revista de Occidente, José Ortega y Gasset, accedera a deixarlle expoñer os seus cadros nos Salóns da propia Revista. Ao comprobar Ortega que moitos dos postulados que el mesmo tiña exposto na súa obra *La deshumanización del arte* coincidían coas creacións de Maruja Mallo, ofreceuse a actuar como o seu padriño artístico.

A exposición inaugurouse o día 26 de maio de 1928 e nela destacou a serie de “Ferias populares”, máis coñecida como “Verbenas”, xunto cunha colección de trinta estampas coloreadas. Se ben as “Verbenas” facían referencia á ledicia festiva do mundo popular, barroquizante, cinético e pleno de dinamismo cromático, tan propio do realismo máxico, as estampas, en troques, poderíamos encaдрalas dentro do xénero da natureza morta, como contraste entre a modernidade, o canto ao progreso, e a decadencia das clases sociais dominantes (aristocracia/burguesía).

Aínda que a nosa pintora, coñecía pola súa relación con Alberti aos críticos Juan Chabas e Méndez Casal, o certo é que a maioría da crítica artística española non deixou de expresar a súa sorpresa e admiración ante a “arte nova”, representada por Maruja Mallo. Así, o recoñecían críticos e escritores tan prestixiosos como Ramón Gómez de la Serna, Ricardo Gutiérrez Abascal (“Juan de la Encina”), José Gallego Díaz, Francisco Alcántara, Justo de la Cueva, Novais Teixeira, José Díaz Fernández, Sebastia Gasch, José Lorenzo ou Manuel Abril, entre outros.

O rotundo éxito acadado na Exposición e o respaldo da Revista de Occidente deu a coñecer definitivamente a obra da nosa artista, non só no Estado Español, senón en toda Hispanoamérica.

En pleno éxito de Maruja Mallo, Rafael Alberti, volveu de Tudanca curado de todos os pesadelos pasados e regresou, como dixemos, ao Porto de Santa María para visitar a súa familia. Mais ao coñecer a nova, publicada na prensa, dun grave accidente de automóbil que sufriran Maruja Mallo e Mauricio Roësset, que rematou co trágico suicidio deste último ao culpabilizarse do acontecido, fixo que volveuse de inmediato a Madrid para visitar a Maruja, producíndose deste xeito a reconciliación entre a parella.



“La Verbena”

(Maruja
Mallo,
1927)

Cloacas e campanarios


Logo do rotundo éxito acadado pola serie colorista das “Verbenas”, Maruja Mallo cambiou totalmente de estilo, pasando do realismo máxico, da creación vitalista, á destrución total a través de Cloacas y campanarios, reflexionando a eterna visión da vida e da morte. A nova serie tiña as súas orixes, como dixemos, nos paseos e descubertas que realizaran tanto Maruja como Rafael, durante a crise deste último. Coa inmersión no substrato mineral e telúrico nos arrabaldes de Madrid produciuse un espectacular cambio na orientación na pintura de Mallo, que recorda a España negra de Regoyos e Solana ou a España de charanga e pandeireta “machadiana”. Realmente, estamos ante o xiro máis surrealista da pintora que manifesta a fascinación que sentiron moitos membros da xeración do 27 polo pútrido ou “putrefactos”, que diría Pepín Bello, pola materia en descomposición, especialmente polos chamados “carnuzos” ou restos de animais de carga mortos e abandonados nos campos. A grande atracción que sentía Maruja Mallo por esta temática podemos vela no conxunto de fotografías realizadas polo seu irmán Xusto, durante unhas vacacións estivais en Cercedilla, nas que a pintora aparece na vella estación do tren, como unha sacerdotisa ou vestal que está exercendo o seu rito na soledade da paisaxe, rodeada de caveiras e queixadas de burros.

Cloacas y campanarios representaba, igualmente, ao mundo caduco que se derruba irremediabilmente para volver a renacer con forza. O derrube tamén afectaba á igrexa, aos templos e campanarios, ás sancristías pechadas, con cheiro a naftalina, á relixión, considerada como unha superstición máis, ao Papa e a igrexa, conceptuada pola artista como a Santa Mafía. A imaxe da desaparición do mundo burgués e da orde establecida que se esfarea pola súa propia autodestrución, semellaba ao barrido realizado “por las aguas y los temporales” que rodaban “hacia las alcantarillas”.

Tanto Consuelo de la Gándara como Hans Lange teñen desvelado as múltiples influencias recíprocas ou trazos comúns existentes entre o poeta e a pintora, naqueles anos, como a confianza no progreso, o forte vitalismo ou a crítica social fronte unha sociedade atrasada e inmovilista.

Precisamente, ambos os dous protagonistas foron evolucionando e, mesmo, radicalizándose a medida que o réxime de Primo de Rivera recortaba cada vez máis as liberdades. Á altura de 1929, Maruja Mallo continúa chamando a atención de diversas publicacións como *La Mañana*, *El Sol*, e a revista *Alfar*, entre outras, onde asinan artigos sobre a súa pintura autores tan prestixiosos como Andrés Bordaberry, Ramón Gómez de la Serna e Francisco Ayala.

Mentres Maruja sigue creando novos cadros da serie *Cloacas y Campanarios*, Alberti dedícalle un extraordinario poema intitulado *La ascensión de Maruja Mallo al subsuelo*, publicado na revista *La Gaceta Literaria*, en xullo de 1929. A “ósmose” e colaboracións entre ambos os dous mozos, é agora do máis intensa. Segundo o hispanista C.B. Morris, Alberti “pone en palabras lo que Maruja Mallo expresa en su pintura”.



“Antro de fósiles” (Maruja Mallo, 1931)




“Basuras”

(Maruja Mallo,
s.d.)

“Construcciones
rurales”

(Maruja
Mallo,
1934)



O cine como foco de interese común

Se ben a temática cinematográfica non foi un interese exclusivo da nosa parella de protagonistas, dado que distintos membros da xeración do 27, como Dalí, Buñuel ou Lorca, entre outros, amosaron igualmente unha clara atracción polo cine, o certo é que tanto Alberti como Maruja Mallo, colaboraron estreitamente na produción poética e no debuxo, engaiolados pola sétima arte. O fenómeno cinematográfico, visto como novo campo artístico, de experimentación e de combinación de linguaxes, puxérase de moda, en grande medida, grazas ao labor de Ernesto Giménez Caballero e a súa *Gaceta Literaria*, revista na que se publicaba a sección “Boletín de Cinema”. Ademais o propio GeCé fora o impulsor do primeiro cineclub madrileño (o Cineclub Español), no que colaboraría tamén Luis Buñuel.

Na *Gaceta Literaria* publícanse por estas datas fragmentos do libro de Alberti *Yo era un tonto y lo que he visto me ha hecho dos tontos*, ilustrados por Maruja Mallo. En sucesivas edicións da súa obra, o poeta publicaría algunhas destas poesías e desbotou outras, deixando sen recoller *Carta de Maruja Mallo a Ben Turpin* e *Falso homenaje a Adolphe Menjou*.

Os debuxos con que Maruja Mallo ilustrou estes poemas de cine foron publicados en dous números consecutivos de La *Gaceta Literaria*, durante a primeira quincena de setembro de 1929. No primeiro deles, o 65, apareceron os debuxos intitolados *Wallace Beery, detective* e *Charles Bower, inventor*, acompañado cos poemas *Carta de Maruja Mallo a Ben Turpin*, *Telegrama de Luisa Fazenda a Bebe Daniels* y *Harold Lloyd e Charles Bowe, inventor*.

No número 66 da seguinte *Gaceta Literaria* (15-9-1929), publicáronse os poemas de Alberti *Telegrama de Raimond Happton a Wallace Beery*, *Falso homenaje a Adolphe Menjou* e *Five o’ clock tea*, ilustrados polo debuxo de Maruja Mallo *Las bodas de Ben Turpin*.

Sen dúbida, quen mellor interpretou todos estes debuxos *cómicos* de Mallo foi o crítico cinematográfico madrileño Luis Gómez Mesa, *Gumucio*.

Os grandes protagonistas do cine mudo, “os tontos” ou “ánxeles de carne y hueso” aos que Alberti e Mallo homenaxean antes da transición ao cine sonoro, foron actores e actrices tan significativos como Buster Keaton, Harry Langdon, Harold Lloyd, Charles Chaplin, Stan Laurel, Oliver Hardy, Louise Fazenda, Bebe Daniels ou Charles Bower, entre outros.

Alberti, coas súas recreacións poéticas cinematográficas crea unha tensión permanente entre o pasado e o presente, un pasado que representa a decaden-

cia das clases sociais dominantes e un presente de denuncia social que resalta a nova cultura de masas, despersonalizada e manipulada, onde as persoas semellan bonecos ou manequíns que pertencen ao mundo irreal do celuloide. A nova deshumanización da vida, fai das persoas pequenas formiguiñas, como diría Mencken, perdidas na gran cidade entre edificios ou inmersas en ambientes industriais, con trasfondo de miseria, por eses ambientes insáns e perigosos pululan a cotío “os tontos” e os “ánxeles”, aínda que estes últimos non son, precisamente, os do ceo, senón os das máis baixas paixóns e intencións.



DA DESTRUCCIÓN Á CONSTRUCCIÓN: JOAQUÍN TORRES GARCÍA

Durante os primeiros meses de 1930, Maruja Mallo, que traballaba nos decorados para a obra de teatro de Alberti Santa Casilda, preparaba tamén unha exposición para o mes de setembro no Ateneo guipuscoano, onde obtería un importante éxito, que contribuíu a darlle unha maior proxección, grazas as gabanzas da prensa especializada. Nestas datas enviou igualmente á Deputación de Lugo, o cadro *Guía Postal*, para ilustrar o *Libro de oro de Lugo y su provincia*, de José Cao Moure, en compensación polas becas que lle foran concedidas para ampliación de estudos.

A última colaboración que tería Mallo con Alberti foi en novembro de 1930, cando ilustrou no xornal ABC tres poemas do poeta gaditano, intitulados *Las Chufillitas del Niño de la Palma*, *Joselito en su gloria* e *Seguidillas a una extranjera*. Finalmente, os nosos protagonistas racharían a súa relación amorosa ao abandonar Alberti a Maruja e escapar con María Teresa León a Mallorca.

Logo da traumática ruptura amorosa, Maruja Mallo viaxaría pensionada a París pola denominada “Junta de Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas”, para estudar escenografía. Na cidade da Luz tamén exporía na prestixiosa Galería Pierre, recibindo os parabéns dos grandes popes do surrealismo francés, André Breton e Paul Éluard, que gabaron amplamente a súa obra. O propio Breton fascinado coa súa pintura, mercoulle o cadro *Espantapájaros*, mentres que Éluard, por falla de medios económicos, tivo que renunciar a adquirir, como era o seu desexo, o lenzo *Grajo y excrementos*. A estadia en Francia sería decisiva tanto polas críticas recibidas, como polo aprendizaxe na escenografía e os múltiples contactos que tivo con Picasso, Dalí, Jean Cassou, Miró, Aragon, Hans Arp, Péret, Huidobro, Pablo Garrido, Cotapos, Helena Cid ... e sobre todo co pintor uruguaio Joaquín Torres García.

De regreso ao Madrid republicano en agosto de 1932, Maruja Mallo colaboraría como ilustradora na *Revista de Occidente*, sería profesora interina de debuxo no instituto de Arévalo (Ávila), dende novembro de 1933 ata outubro de 1934 e, finalmente, na Escola de Cerámica de Madrid, con Francisco Alcántara.


Porén, o acontecemento máis importante para a nosa artista sería a chegada a Madrid, en decembro de 1932, do pintor e escultor Joaquín Torres García. Maruja Mallo asistiu entusiasmada a algunhas das conferencias que impartiu Torres na capital, pero o fundamental serían as clases que recibiu do mestre do construtivismo e do simbolismo, en adiante Mallo decidiuse a ampliar os seus coñecementos de xeometría, familiarizándose cos manuais de Luca Paccioli e Matila Ghyka. Bebendo das fontes matemáticas comezou a adoptar como base dos seus traballos a sección áurea ou regra do número dourado e os trazados harmónicos preparatorios das súas obras “Arquitecturas Minerais”, “Vexetais”, “Esqueletos”, “Estruturas”, “Construcións Rurais” e das futuras creacións da “Relixión do Traballo”, os “Retratos bidimensionais”, “Raciais”, “Máscaras”, “Naturezas Vivas” e “Viaxeiros do éter”, obras que logo do auto exilio realizará en América.

Neste período republicano o contacto de Maruja Mallo con María Zambrano, Neruda, Miguel Hernández, Alberto Fernández Mezquita, Rafael Diezte, E. Fernández Granell, Carlos Maside e outros moitos, levouna polo camiño da esquerda e do troskismo, vía que tería continuación en Argentina ata principios dos anos corenta, etapa no que, totalmente desilusionada, decidiu pasar a un segundo plano político.



“Maruja Mallo”
Retrato

(Vera Pintos)




“Naturaleza
viva”

(Maruja
Mallo,
1943)



“Elementos para el deporte”

(Maruja Mallo, 1927)



“Arquitectura
vegetal”

(Maruja Mallo,
s.d.)

“Fiesta
popular”


(Maruja
Mallo,
1928)






“Atletas na
praia”

(Maruja
Mallo,
1959)




“Estrella de Mar”
Cerámica
(Maruja Mallo, s.d.)



“Tierra y excre-
mentos”

(Maruja Mallo,
1932)



“Escaparaté”

(Maruja
Mallo,
1927)



PRIMEIRAS ESTRATEXIAS NO EXILIO DE MARUJA MALLO

Analía Álvarez González

MARUJA MALLO (1902-1995) Artista plástica que desenvolveu a súa obra dende Madrid e Buenos Aires, expuxo en Madrid, París, Barcelona, Nova York, Berlín, Copenague, Gijón, San Sebastián, Buenos Aires, Río de Janeiro, Santiago de Chile, Viña del Mar e Punta del Este. Cunha personalidade arrebatadora, de espírito inqueda, carácter irónico, gran imaxinación e permanente sorriso, construiu un personaxe de sí mesma que foi tan importante como a súa propia obra. Pertenceu á xeración do 27, á Escola de Vallecas, promotora de “as sen sombreiro”, surrealista, compañeira de estudos de Dalí e Buñuel, amiga de Lorca, Alberti, Neruda, Concha Méndez, Ramón Gómez de la Serna e de innumerables personaxes da historia cultural e artística de España e Hispanoamérica. Este traballo tenta mostrar cales foron as estratexias que desenvolveu Maruja Mallo, que chegou a Buenos Aires como exiliada en febreiro de 1937, para integrarse ao mundo cultural porteño e procurarse un espazo e un ingreso económico traballando como pintora, ilustradora e escenógrafa.



Maruja Mallo en dúas etapas da súa vida en compañía de artistas e intelectuais universais coma Pablo Neruda (esquerda) e Andy Warhol (abaixo).




Maruja Mallo, nada Ana María Gómez González en Viveiro, Lugo, en 1902, pasou a súa infancia en Corcubión na casa duns tíos, logo dunha corta estancia en Tui, onde naceu seu irmán Cristino; aos 11 anos volveu a vivir cos seus pais e os seus trece irmáns, en Avilés. A os vinte anos instalouse en Madrid xunto a súa extensa familia que se trasladou novamente acompañando aos diversos destinos laborais paternos como funcionario de aduanas.

En Avilés comezou xunto o seu irmán Cristino, os estudos de debuxo con Mestres particulares, estudos que profundizou ao chegar a Madrid, onde foi unha das poucas mulleres que ese ano ingresou á Real Academia de Belas Artes de San Fernando. Simultaneamente realizou cursos privados que lle axudaron a saír do academicismo que a oprimía. Participou da Escola de Vallecas dende a súa apertura en 1927 e de innumerables xuntanzas, verbenas e festas con artistas, poetas, escritores e periodistas. En 1926, 1927 e 1928 recibiu bolsas de estudo da Deputación Provincial de Lugo que lle permitiron seguir investigando e experimentando como artista plástica. A Xunta para ampliación de estudos de Madrid outorgoulle unha bolsa en 1931 que ampliou en 1932, para perfeccionar as técnicas de escenografía en París. Realizou exposicións en Madrid, Barcelona, Gijón, San Sebastián, Copenhague, Berlín, Londres, Nova York.

En 1933 morreu seu pai, foi entón cando retomou e terminou os seus estudos na Academia de Belas Artes que deixara inconclusos, isto abriulle o camiño para presentarse en oposición e obter un nomeamento como profesora de debuxo no Instituto de Arévalo en Ávila, onde residiu ata terminar o ciclo lectivo. Logo regresou a Madrid para traballar como profesora na Escola de Cerámica e na Residencia de Estudiantes. Colaborou en diversas publicacións como Almanaque literario, La Gaceta literaria, Meseta, Noroeste, Revista de Occidente, Alfaro.

O seu carácter ledor e histriónico, o seu porte desafiante e a súa tendencia a transgredir as normas establecidas, a convertiron na compañia imprescindible das noites madrileñas, situación que se repetiu en Buenos Aires onde participou da reunión da elite porteña.



Escualos (Maruja Mallo, s.d.)



MARTES DE ENTROIDO FRONTE A BUENOS AIRES

Luns de entroido de 1937, dende o vapor Alcántara, fronte á cidade que se asoma apenas sobre a beira do Río da Plata, Maruja Mallo, pintora española, con 35 anos cumpridos en Lisboa chega a Buenos Aires.

Case un mes viaxando foi pouco tempo para pensar, entender, cerrar feridas e preparar conferencias. A República española foi violentada e o cotiá volveuse un sonho, a liberdade un castigo, o popular silenciado. Que pasou, onde quedou todo o construído?, o creado? Ese mundo de amizades, ledicias, e aprendizaxes no que se podían deseñar novas formas, formas harmoniosamente calculadas.

O estalido da Guerra Civil a encontrou en Galiza, a súa terra natal, lonxe da súa casa en Madrid. Neses días de verán estivo Maruja en Bueu, máis precisamente en Beluso¹ xunto o seu compañeiro, o líder sindical da Esquerda Comunista Alberto Fernández Mezquita (Pérez Leira, 2011). Desfrutan do mar na casa dos seus amigos Federico Ribas² e a súa esposa Georgina. Maruja paseaba pola Praia observando e facendo bocetos das actividades dos mariñeiros para a serie que finalmente realizou no exilio “La religión del trabajo”. Ese verán en Bueu estivo tamén José Suárez³ filmando e fotografando para a película que se titularía “Mariñeiros” e que a causa da guerra non puido editar.

¹ Beluso, antigo pobo mariñeiro no concello de Bueu. Foi o lugar de descanso elixido para un grupo de artistas e intelectuais que durante tres veráns organizaron xuntanzas que replicaban as madrileñas na casa de Federico Ribas, potenciadas polo empresario conservero Massó.

² Federico Ribas Montenegro. Vigo 1890-Madrid 1952. Viviu en Buenos Aires dende 1908 a 1912 onde desenvolveu o seu interese pola ilustración e o debuxo. En España deseñou a gráfica que identificaría aos produtos de Massó. Ao estalar a Guerra Civil exiliase, chegou a Buenos Aires o 7 de novembro de 1936. Traballou na revista Atlántida.

³ José Suarez. Allariz 1902-A Guarda 1974. Exiliouse en Buenos Aires a finais de 1936, foi recibido por Federico Ribas que o colocou como fotógrafo en Atlántida. En xuño de 1937 as fotografías tomadas en Bueu para a película formaron parte da exposición que realizou xunto a Colmeiro en Amigos da Arte en Buenos Aires.

Cando a noticia do levantamento militar irrompeu no verán de 1936 e produciuse o arresto e fusilamento do alcalde electo de Bueu Johan Carballeira⁴, Federico Ribas, Maruja Mallo, Fernández Mezquita e José Suárez, decidiron buscar un lugar seguro. Os catro viaxaron a Vigo distante uns 40 km, Maruja aloxouse na casa do seu tío e, pasado o verán, traballou tres meses na Escola de Artes e Oficios, seguramente aterrorizada polo que vivía, pero coa necesidade de no perder a súa fonte de ingresos. As atrocidades dos xuízos sumarios e os fusilamentos a decidiron a saír de España, deixar as paisaxes coñecidas onde estaban os seus recordos de infancia e seguir a os seus amigos cara Buenos Aires. Púxose en contacto con Gabriela Mistral, cónsul chilena en Lisboa, a quen coñeceu na Residencia de Señoritas⁵ de Madrid, para que lle facilitara a partida.

A Arxentina que dende 1880 duplicou a súa poboación por unha política de portas abertas, a partir de 1930 endureceu a súa posición fronte á emigración. Ao estalar a Guerra Civil Española, o goberno arxentino tivo unha actitude histórica cara os exiliados aos que considerou perigosos por razón ideolóxicas.

As tentativas que realizou Mistral con Victoria Ocampo⁶ para conseguir unha invitación para entrar na Arxentina, foron fundamentais para garantir o seu exilio. Finalmente, con atraso, chegou vía Vigo o cablegrama firmado por Elena Sansinena de Elizalde no que a invitaba a realizar unha exposición na asociacións de Amigos da Arte de Buenos Aires⁷. Presentou esta invitación no Ministerio de Instrución Pública xa que era funcionaria e quería deixar clara a súa situación, para asegurarse a continuidade do traballo ao seu regreso. Pasou a Portugal por Tui e chegou a Lisboa onde a esperaba Gabriela Mistral⁸, con quen permaneceu unhas semanas ata embarcar no vapor Alcántara.

No Alcántara viaxaban corenta e un españois. Vinte eran mulleres, das cales dezaoto declarábanse para as tarefas da casa, e unha xoven de 14 anos. Maruja

⁴ Johan Carballeira pertencía ao partido galeguista, era un promotor cultural, amigo e participante activo das tertulias.

⁵ A Residencia de señoritas de Madrid (1915-1936) fundada e dirixida pola pedagoga María de Maetzu, para facilitar o estudo de señoritas maiores de 16 anos. Contaba con laboratorios e biblioteca, impartíanse cursos regulares de idiomas e mecanografía e se ditaban conferencias por exemplo: Federico García Lorca, José Ortega y Gasset, Gabriela Mistral, Victoria Ocampo, Rafael Alberti, Angel Osorio y Gallardo, etc. (VAZQUEZ RAMIL, 2015).

⁶ Victoria Ocampo. Buenos Aires 1890- 1974. Inflúente escritora, editora e dora cultural, pertencente á elite intelectual adañeirada, dona e fundadora da xiosa revista Sur.

viaxaba como profesora de pintura. Os vinteun varóns declaraban diferentes profesións, cinco comerciantes, un profesor, un industrial, xornaleiros, traballadores, zapateiro e fideeiro. É difícil determinar quen eran inmigrantes e quen exiliados, a maioría embarcou coma ela en Lisboa, pero posiblemente tivo conversado con outros pasaxeiros no comedor ou na ponte en cada unha das interminables escalas: Madeira, Rio de Janeiro, Santos e Montevideo. En Cherburgo (Ortuño, 2010) embarcou Pedro Antin e Olave⁹ (Díaz, 2007) que regresaba a Buenos Aires e con quen tivo oportunidade de conversar sobre as atrocidades da guerra e ser consciente de detalles sobre as asociación galegas e a vida cotiá da gran cidade.

Durante a travesía os seus ollos acostumados ao mar, foron alén do horizonte repasando formas e cores. Tanto perdeu, preguntárase: qué me queda?, qué teño?

Fundamentalmente tíñase a si mesma, a súa historia vivida e deseñada ao detalle polo seu propio trazo. Na súa abundante equipaxe levaba o importante: pinceis, cores, cadernos de bosquejos e ben empaquetadas algunhas das súas prezadas teas como “La sorpresa del trigo”. Quizais non so pintou [esa tea] inspirada nos movementos sociais do primeiro de maio, senón tamén como un presaxio da súa viaxe á Arxentina, coñecida como “o celeiro do mundo”.


Buenos Aires está a vista e a noite de verán apenas manchada de nubes a envolve nunha brisa refrescante. Se vai a reencontrar con grandes amigos dos días en Beluso, Federico Ribas e José Suárez, pero o seu compañeiro Fernández

⁷ Asociación Amigos da Arte de Buenos Aires. (1924-19429) Fundada para contribuir ao traballo e o benestar material dos artistas locais e facilitar o acceso da sociedade a diversas producións artísticas. Federico García Lorca, Alfonso Reyes, Siqueiros, Colmeiro, Pedro Henríquez Ureña, Ramón Gómez de la Serna, Luis Seoane, Maruja Mallo, María de Maeztu, Orega y Gasset, Victoria Ocampo foron algúns dos que ditaron conferencias e realizaron exposicións.

⁸ Gabriela Mistral. Chile 1889- Nova York 1957. Poeta chilena, Premio Nobel de literatura 1945. Cónsul de Chile. Axudou a intelectuais e artistas republicanos a exiliarse en México e Argentina. A finais de 1936 en acordo con Victoria Ocampo logrou que a pedagoga María De Maeztu que o seu irmán fora fusilado, viaxara a Buenos Aires.

⁹ Antin y Olave, Pedro [Deva 1882-Buenos Aires 1960] Estableceuse en Arxentina en 1910 onde participou dende a fundación na Federación de Sociedades Galegas e colaborou nos periódicos El Despertar Gallego e Galicia. Regresou varias veces a España antes da Guerra Civil.

Mezquita non puido eludir ás forzas franquistas. Os amigos das xuntanzas de Madrid, estaban a buscar o seu camiño, algún resistindo en Madrid, outros tomaron un rumbo diferente para o seu exilio. A hospedaría o escritor e Embaixador de México Alfonso Reyes, a quen coñeceu xunto a Lorca, na casa das flores. Ditaría conferencias na Asociación Amigos da Arte, os amigos arxentinos e os exiliados que chegaron antes, a axudarían a atopar un traballo e seguiría a pintar.



Naturaleza viva
(Maruja Mallo, 1943)

Chegaba á República Arxentina, á terra que acubillou a tantos inmigrantes. Buenos Aires, a súa capital con dous millóns e medio de habitantes, onde a metade deles recen chegaran; destino de compañías de teatro como a de Lola Membrives ou Margarita Xirgú, de escritores como Federico García Lorca ou intelectuais como Ramón Menéndez Pidal, Américo Castro, Amado Alonso, José Ortega y Gasset, Ramón Gómez de la Serna. Buenos Aires contaba con importantes editoriais e publicacións de primeiro nivel como Losada ou Atlántida, teatros, salas de exposición e unha elite afrancesada ávida de novidades europeas. A súa mellor amiga Concha Méndez visitara esta cidade facía algúns anos. Buenos Aires era percibida coma unha das grandes cidades do mundo, próspera promesa de modernidade, a París de América.

Maruja estaba soa, logo de tantas horas compartidas con Dalí, Alberti, Lorca, Concha Méndez, con amigos entrañables (Vidal, 1999). Soidade non desexada pero defendida. Non imaxinou que para regresar a Madrid pasarían vintecinco anos e recorrería tantos camiños.

As verbenas xa non terían o sabor das súas complexas composicións, o entroido porteño quente e húmido non substituirá a ledicia e o desenfado das festas populares que tanto apreciara. Ela xa non era a mesma, un mar de cunchas e coloridos soños de mar abrirían o espazo creativo da nova terra. O sono trouxo o descanso da súa última noite embarcada no exilio. Moi cedo, o martes 9 de febreiro o barco entraría na Dársena Norte e ela abriríase paso con arrebatada decisión nos círculos privilexiados de Buenos Aires.

O rexistro de ingreso do vapor correo Alcántara do 9 de febreiro de 1936, dí que Ana María Gómez González nada en Lugo, procedente de Lisboa, chega coma profesora de pintura, e da unha dirección: Florida 659. Alí funcionada a Asociación Amigos da Arte de quen recibira a invitación para expor e así poder chegar á Arxentina. Pero ese non foi o seu destino xa que se aloxou na casa da súa amiga das xuntanzas madrileñas, a escritora Amparo Mom (Meléndez, 2006) e do seu esposo o poeta Raúl González Tuñón no barrio de Balvanera. Con eles compartiu as 5 xuntanzas de Madrid en 1935. Permanece na casa dos Tuñón ata que se mudou á Embaixada de México, coma hóspede do Embaixador Alfonso Reyes¹⁰, tal coma o solicitou Gabriela Mistral nunha carta¹¹ entregada en man por Maruja Mallo.



“La sorpresa
del trigo”

(Maruja
Mallo,
1936)


Ao día seguinte do súa chegada, acompañada por González Tuñón visitou a Reyes¹², a quen coñecera en Madrid mentres el se desempeñaba coma diplomático na Embaixada de México. Na correspondencia posterior que Maruja mantén con Reyes e con Manuela a súa esposa, rememoran os bos momentos que pasaron conversando e os encontros con personalidades da cultura en

¹⁰ Deixa Buenos Aires o 28 de decembro de 1937, posiblemente polo seu apoio activo ao goberno republicano español.

¹¹ Carta de Gabriela Mistral a Alfonso Reyes 24/01/1937: “Le lleva estas palabritas Maruja Mallo y se lleva ella misma como la mejor presentación”

¹² Diario de Alfonso Reyes 11/02/1937 “Ayer tarde visita de Maruja Mallo, fugitiva de Vigo con carta de Gabriela Mistral. Con ella González Tuñón que quiere irse a España...”

Buenos Aires. A finais de 1937, logo da estrea da Cantata na tumba de Federico García Lorca, Alfonso Reyes vaise de Buenos Aires e Maruja ten que deixar ese magnífico edificio da rúa Arroyo 820, un lugar exclusivo no centro de Buenos Aires. Tratábase de un palacete de cinco andares moi amplas que fora amoblado e decorado por Alfonso Reyes e Manuela, cando abriron a embaixada en 1927.



Embaixada de México en Buenos Aires, onde residiu Maruja Mallo a súa chegada en 1937.

Maruja é aloxada na Embaixada española por Felipe Jiménez de Asúa¹³ onde residiu ata xuño de 1938 en que Asúa e tamén Maruja deberon buscar outro domicilio por pedido do novo Embaixador Ángel Ossorio y Gallardo que adscribía á república con ideas conservadoras e clericais, non pertencía ao mesmo círculo de amizades. A estancia na Embaixada española non foi tan luxosa nin comfortable, debido a que o mobiliario era escaso e non houbo vaixela nin roupa de cama apropiados (Díez-Canedo, 2010) sumado ao pouco persoal, o baixo presuposto, as desavinzas entre os funcionarios e os seus posicionamentos enfrontados con respecto ao goberno lexítimo de España.

Maruja acepta a invitación de Jiménez e da súa esposa Baly a vivir con eles, a pesar de que xa ten ingresos suficientes para sosterse (Pérez Rodríguez, 2014).

O domicilio de Maruja en estes meses cambiou varias veces, como se verifica nunha das cartas que Alfonso Reyes lle envía dende México na que lle pide a Maruja que escriba con letra lexible a súa dirección nun sobre, xa que non puido contestar algunhas por non entender a letra do remitente.

En xaneiro e febreiro de 1939 Maruja viaxa a Santiago de Chile invitada a participar nun ciclo de conferencias, visita Valparaíso e Viña del Mar onde coñece as praias do Pacífico e goza dende o avión da maxestuosa cordilleira dos Andes. A pouco de regresar de Chile en 1939 e coincidindo con fin da Guerra

¹³ Felipe Jiménez Asúa. Madrid 1889-Buenos Aires 1970. Médico. Sendo encargado de negocios fíxose cargo da Embaixada de España ata que chegou o novo Embaixador Ángel Ossorio y Gallardo el 28/06/1938. Era o irmán do xurista, catedrático e político madrileño, que posteriormente se exiliaría na Arxentina.

Civil na que resultou vitorioso Francisco Franco, Maruja múdase ao que foi o seu domicilio permanente ata o regreso definitivo a España na década de 1960. Tratábase dun departamento no quinto andar dun edificio moderno de 15 pisos recen estreado na Avenida Santa Fe 2861, nun dos barrios céntricos máis elegantes de Buenos Aires. Dende as ventás do departamento orientado ao leste, Maruja podía ver o río da Plata.

Era moi luminoso e dispoñía de teléfono¹⁴, que foi seu gran aliada para manter xuntanzas interminables cos seus amigos. A avenida Santa Fe era de dobre man con calzada de madeira de quebracho; tiña unha zona central para o ascenso e descenso de pasaxeiros das dúas liñas de tranvía que a recorrían e a estación Agüero da liña D de subterráneos recen inaugurada, estaba a poucos metros. Era un paseo imperdible para a sociedade porteña polas súas tendas elegantes. A poucos bloques estaban os importantes palacetes das familias máis adifneiradas e as embaixadas onde ela viviu recentemente. Nunha carta dirixida a Alfonso Reyes de 1939, posiblemente de maio, Maruja escribe:

Estoy instalada en un rascacielos que estrené en Santa Fe. Es como una jaula, o un túnel de luz con grandes ventanales que miran al río y al cielo, mucho sol. Los cuadros se asocian al río por el color o las redes, o el río entra por estos ventanales... Yo sé que le gustaría mucho la decoración de los tonos y los vegetales, caracolas de Pacífico, canto al Brasil. No hay más que tres tonos, blanco, roble, cappé, lino; tengo muchos zapallos, trigo, conchas, mariposas, plumas de faisán de Botana y plumas vegetales. Los argentinos me dicen que esto lo he descubierto pues hasta ahora no lo habían visto, pero ya por las casas empieza a haber trigo y espigas que piden a Catamarca (Diez-Canedo, 2010)



Piso no que residiu Maruja Mallo en Buenos Aires dende 1939 situado no 5º andar da rúa Santa Fe 2861.

¹⁴ Os primeiros teléfonos de Buenos Aires datan de 1886, pero foron caros e escasos. O crecemento das liñas telefónicas posterior no foi suficiente para acompañar o aumento da demanda. Por conseguinte posuír unha liña telefónica era una vantaxe extraordinaria.

A longa entrevista de Pablo Rojas Paz “Pinto desde que veo” no diario Críticas¹⁵ a unha semana de chegar, foi un anuncio da súa chegada e unha carta de benvida.

A primeira noticia que temos da súa actividade laboral en Buenos Aires é de xullo de 1937 coa súa participación na revista mensual Atlántida, onde traballaba Federico Ribas, quen a recibirá o último verán español na súa casa de Beluso. Posiblemente foi el quen a presentou ao director e fundador da editorial Atlántida Constancio C. Vigil (Pérez Rodríguez, 2003), coma fixera con José Suárez o fotógrafo vigués. A editorial Atlántida, nesa data publicaba máis de cinco títulos de revistas orientados a diferentes públicos, coleccións de libros infantís, de formación para xoves e adultos e de autores relevantes. Vigil que era un empresario defensor das ideas republicanas, humanista e moi atado aos valores morais tradicionais e cristiáns, permaneceu sempre ao lado de Maruja. Ela tivo unha relación moi próxima con Atlántida e con Vigil, na que os matices non se poden determinar irrefutablemente, non obstante é posible inferir que colaborou desempeñando distintos roles, conseguindo artigos de autores relevantes¹⁶, ilustrando e escribindo, aínda que non todas as súas participacións levaran a súa firma.

En tres revistas a obra de Maruja adquire certa visibilidade. Son reproducións de obras feitas especialmente, impresas a toda cor en páxina completa, non están acompañadas de artigos de explicación, ao pé figura o título e a autora. “Buenos Aires 1830” aparece na páxina 47 da edición de xullo de 1937, en novembro do mesmo ano: “El soldado de Urquiza” e en xaneiro de 1938 “Papa Noel”, debaixo destas dúas últimas agrega: “Fantasía”. Son reproducións moi coloridas de colaxes orixinais.

Na revista de setembro de 1937, páxinas 38 e 76, pódese ler unha entrevista realizada por Adriana Piquet ilustrada con fotos de arquivo baixo o título “Maruja Mallo. Drama e verbena”, na que Maruja expresa o seu desencanto

¹⁵ Diario Crítica de Buenos Aires. 1937 febreiro, 17.

¹⁶ Nas cartas a Alfonso Reyes solicítalle artigos e contos tamén preguntándolle se lle chegou o xiro co pago.

porque as preguntas rondan o persoal e non falan do importante: a Guerra Civil española. Dille a periodista:

¡Y no le da vergüenza fastidiarme así, preguntando sandeces? ¿A mí? ¡A mí que vengo escapando de la muerte![...] Cuando mis ojos todavía están viendo niños mutilados, hombres asesinados, mujeres que corren llorando.[...] mi patria se ahoga se ahoga en su propia sangre.[...]



UN SOLDADO DE URQUIZA
diseño por
MARUJA MALLO



PAPA NOEL
diseño por MARUJA MALLO

Colaxes “El soldado de Urquiza” 1937 (arriba) e “Papa Noel” 1938, primeiras obras de Maruja Mallo publicadas na Arxentina

Esta entrevista foi a presentación que fixo Atlántida de Maruja Mallo como colaboradora e a mostra anoxada, falando do que ela quere e evitando as preguntas. A mesma periodista fixera unha reportaxe con anterioridade a Federico Ribas ao incorporar ao equipo da revista como Director artístico.

Na páxina 24 da edición de novembro de 1940 de Atlántida, está o relato da vida de Aspasia, cunha ilustración en sepia. Aínda que non ten firma, no índice da revista di: “Aspasia. Maruja Mallo”. É unha ilustración completamente distinta aos traballos coñecidos de Maruja, isto suxire que algunhas das súas colaboración adaptáronse ao solicitado polo editor e non ao seu propio estilo de pintura. Maruja non solo foi ilustradora (Rei Núñez, 1987) da revista Atlántida que era unha das moitas publicacións da editorial Atlántida, senón tamén dos contos escritos por Constancio C. Vigil.

En Abril de 1937 a poucos meses de chegar a Buenos Aires, viaxou a Montevideo invitada por Amigos da Arte desa cidade, para dar a conferencia con filmacións titulada “Proceso histórico da forma nas artes plásticas” (Meléndez, 2006) coa que deu sustento teórico a súa obra artística expresando a súa idea da forma e a armonía. En xuño dese mesmo ano reiterou a conferencia e presentou a súa primeira pintura americana: “Arquitectura humana”, invitada por Amigos da Arte, a Asociación que con a firma de Sansinena enviou un cablegrama a Vigo para que puidera viaxar a Buenos Aires.

“Cantata en la tumba de Federico García Lorca” de Alfonso Reyes interpretada por Margarita Xirgú e a súa compañía, con música de Jaime Pahissa e escenografía de Maruja Mallo, no Teatro Smart de Margarita Xirgú (logo chamada Blanca Podestá e agora Multiteatro) uníronse á homenaxe Seoane, Blanco Amor, Bóveda, Ribas e Mallo. A obra estrearase o 23 de decembro de 1937 coa presenza do autor.

As conferencias tiveron repercusión na prensa, con comentarios e fotografías da pintora e da súa obra. Na revista Sur de maio de 1937, Attilio Rossi escribiu sobre a última exposición realizada en Madrid organizada por ADLAN; o diario La Nación do 27 de xuño comentou positivamente a Conferencia organizada por Amigos da Arte de Buenos Aires e a revista Maribel publicou unha nota sobre a pintora o 6 de xullo. O número 77 da revista Alfar de Montevideo publicou unha eloxiosa nota con cinco láminas a páxina completa.



“Maruja Mallo” libro editado por Losada 1942 cun estudo sobre a obra de Maruja Mallo realizada por Ramón Gómez de la Serna, e que inclúe grabados e láminas da súa obra.

En abril de 1938 a revista Sur publicou con firma de Maruja Mallo: “Lo popular en la plástica española (A través de mi obra)”¹⁷. Ao mes seguinte apareceu unha extensa nota do prestixioso crítico de arte Julio Payró no diario La Nación de Buenos Aires, baixo o título “Otra Maruja Mallo”¹⁸, que trata sobre os últimos cadros pintados en América e completa con tres fotos: “Arquitectura humana”, “Mensaje del Mar” e “La Red”.

O 25 de xaneiro de 1939 como anticipo da conferencia que daría ese día, o diario La Nación de Chile publicou unha nota con fotografía da artista¹⁹. No mesmo mes de febreiro en Buenos Aires aparece na revista Sur o artigo de Maruja Mallo “Integración del fondo y de las formas en las artes plásticas”²⁰. Ao

¹⁷ Revista Sur. Año 8 N° 43. pp. 34-46.


¹⁸ Diario La Nación de Buenos Aires. 1938 maio, 29.

¹⁹ Diario La Nación de Chile. 1939 xaneiro, 25.

²⁰ Revista Sur. Año 9 N° 53. pp. 66-77.

mes seguinte o diario La Nación de Chile²¹ publicou unha nota sobre a pintora. Durante ese ano o suplemento “Los jueves” de El Sol y el diario La Prensa de Buenos Aires comentan a súa obra e as conferencias.

As redes de apoio entre exiliados (Ortuño, 2010) e simpatizantes da República tenderonse ao seu favor. Federico Ribas recomendaraa para traballar na Atlántida, como ela en 1940 recomendou a Carmen Muñoz e o seu esposo Rafael Dieste; Amparo Mom tendeu os lazos para que o diario Crítica de Botana sacara unha nota sobre ela; Victoria Ocampo facilitoulle as páxinas de Sur para expresarse; coa revista Alfar gardaba unha antiga relación debida á nota que en 1929 escribira Francisco Ayala. A amizade con Alfonso Reyes e a súa relación como colaborador permanente puideron axudar a que se editara a nota de Payró en La Nación. Está pendente de estudo a participación que tiveron Gabriela Mistral e Neruda para concretar as conferencias na Universidade e as entrevistas que realizou en Chile.



“Naturaleza viva”

(Maruja Mallo, 1943)



Maruja Mallo
posa diante do
óleo Arquitectura
humana.
Revista Atlán-
tida Setembro
de 1937.

²¹ Diario La Nación de Chile. 1939 marzo, 7.



Cubierta do libro “Lo Popular en la Plastica Española a través de mi obra”. Buenos Aires, Losada, 1939

Máscaras
(Maruja Mallo, s.d.)



“Otra Maruja Mallo” por Julio E. Payró no diario La Nación de Buenos Aires, maio de 1938.




Maruja Mallo, Jaume Paisha, Margarita Xirgú e Alfonso Reyes na presentación da “Cantata en la Tumba de Federico García Lorca”. Decembro de 1937.



Maruja Mallo na redacción do periódico La Nación de Chile, antes da Conferencia (frustrada por un seísmo) na Universidad de Chile. 25 xaneiro 1939.



Maruja Mallo antes de pronunciar a Conferencia “Proceso Histórico de la Forma de las Artes Plásticas”, en Amigos da Arte de Buenos Aires. Revista Maribel, 6 de xullo de 1937.



Chegará a Buenos Aires en febrero de 1937 cando finalizaba o verán austral. Non hai constancia de que Maruja salira da cidade en xaneiro e febrero de 1938, é necesario recordar que nese momento non tiña un domicilio fixo. Non obstante nos veráns seguintes pasou tempadas nas praias máis visitadas pola elite porteña. En xaneiro e febrero de 1939 foi a dar conferencias a Santiago de Chile e descansou en Viña del Mar. As noticias de España non eran boas, o avance das tropas sobre Madrid era inminente. Posiblemente ante a noticia da caída da República española decidiu establecerse de forma permanente e a pouco de regresar a Buenos Aires mudouse ao departamento que foi a súa vivenda e taller ata o regreso a España.



Maruja Mallo a cabalo nas praias de Punta del Este (Uruguay) en 1942 .

No verán de 1940 coñeceu o Oceano Atlántico dende as praias urguaias de Punta del Este e Punta Ballena, tamén foi a Mar del Plata invitada por Victoria Ocampo²². Neses anos non era popular vacacionar e menos aínda facelo fora da cidade, só o facían quenos tiñan recursos suficientes. Dende Madrid as vacacións no mar para Maruja, foran un regreso a infancia, a familia, a paisaxe coñecida, en cambio en Buenos Aires o verán era unha boa oportunidade para coñecer lugares, ampliar amizades e gozar novas experiencias. Maruja sinteuse moi a gusto coas costumes liberáis de Punta del Este e Punta Ballena, así llo manifestou a Alfonso Reyes en Carta de Agosto de 1940:

Estuve los meses de Enero y Febrero en Uruguay; desde Punta del Este, que es extraordinaria por su situación geográfica y ambiente europeo espontáneo, os escribí y mandé fotografía. Todo


²² Carta Maruja Mallo- Alfonso Reyes 17 Agosto 1940.

el mundo andaba todo el día y parte de la noche en pelota, lo cual da un aspecto muy sano al paisaje.

Nas súas viaxes afastouse a diversos hoteis de luxo, que utilizaba tamén para expoñer ou mostrar as súas pinturas. Hai coincidencias entre os hoteis frecuentados por Maruja e os anuncios publicitarios da revista Atlántida, polo que se pode conxeturar que traballando na revista e mantendo unha estreita amizade con Vigil, a estadía non debeu ser un gasto importante. Posiblemente a súa vinculación coa editorial permitiulle facerse un lugar na alta sociedade porteña, conseguindo invitacións especiais a determinados eventos do seu interese. As persoas da alta sociedade porteña coas que se atopaba en Punta del Este ou o Jockey Club de Buenos Aires, son as mesmas que aparecían fotografadas e daban notas para as revistas cando se casaron, viaxaban, ofrecían unha recepción ou facían un encontro filantrópico.



O gran atractivo de Maruja non se centraba no aspecto físico ou a súa xuventude, o que a eximía de posibles competencias con outras mulleres, senón nunha personalidade avasalladora, desprexuzada e ocorrente.



Maruja Mallo nunha Praia das costas chilenas do Pacífico (Illa de Pascua) cubríndose con kelpos xigantes (esquerda), e de forma comparativa as obras de 1945: “Sirena pelirroja” (dereita superior) e “Sirena morena” (dereita inferior),.

En Buenos Aires reecontrouse con amigos porteños e tamén con emigrantes e exiliados como Luis Seoane, Federico Ribas, José Suárez, Eduardo Blanco Amor, Jiménez de Asúa, Núñez Búa, Ramón Gómez de la Serna aos que se foron sumando máis exiliados ao terminar a guerra como Rodríguez Castelao, Carmen Muñóz, Rafael Dieste, Arturo Cuadrado Moure, José Tobío Mayo, Lorenzo Varela, María Victoria Villaverde Otero, Antonio Alonso Ríos, Francisco Ayala, María Teresa León e Rafael Alberti.

Moitos deles frecuentaban a diario o Café Tortoni na Avenida de Mayo para compartir charla, discutir ideas, reproducir dalgunha forma as xuntanas que coñeceran durante a Segunda República Española, pero agora co pesa da guerra, as mortes, as perdas inocentes. Conformaron un grupo militante, formado por escritores, artistas, periodistas, intelectuais, profesores que buscaron en Buenos Aires non só refuxio senón un lugar para defender as súas ideas republicanas. Pero distaban moito de ser un grupo homoxéneo e o devir dos feitos os fixo ir tomando posición a veces antagónicas polo que se xeraban memorables discusións internas. Maruja Mallo a súa chegada participou unas animadas xuntanzas, non obstante foise distanciando paulatinamente, e cada vez acercouse máis ao grupo que se conformaba arredor de Victoria Ocampo e a revista Sur que se reunía na Villa Ocampo en Acassuso do que foi parte fundamental Francisco Ayala²³. Segundo Seoane, os mellores amigos de Maruja eran Alfonso Reyes, Ramón Gómez de la Serna, Victoria Ocampo, María Rosa Oliver, Oliverio Girondo, Antonio Bonet Castellana (Gutiérrez Viñuales, 2007).

A guerra en España tivo unha enorme resonancia na capital da República Arxentina, falábase nas rúas, era portada dos diarios e motivo de continuas discusións ata de fracturas familiares. Cada avance ou retroceso das tropas era vitoreado por uns ou silenciados por outros. Os insultos cruzaban as rúas ao grito de “rojos” e fascistas. As asociacións que nucleaban aos emigrantes que

²³ Francisco Ayala (1906-2009) sociólogo e escritor. O seu irmán Vicente tiña a librería Ayala a dous bloques da casa de Maruja, que se converteu no símbolo da cultura porteña.

se dedicaban especialmente a realizar xuntanzas sociais e culturais, tomaron partido a favor da República ou a favor dos nacionais, unhas poucas lograron manterse neutrais para representar a todos os seus asociados. Os exiliados participaron en distinta medida das actividades das asociacións. Baste como exemplo a combatente actividade de Blanco Amor fronte do periódico Galicia da Federación de Asociacións Galegas que era o maior expoñente de republicanismo, ou o feble equilibrio que logrou exercer Luis Seoane a fronte da revista Galicia do Centro Galego, onde as augas estaban divididas e ao triunfar Franco quedou á vista que o apoio era maioritario. Non obstante non se atopa ningún rexistro que mostre a participación activa de Maruja Mallo nalguna asociación. Na prensa da colectividade non houbo mencións da pintora neste período. No Galicia da Federación hai un artigo importante sobre as homenaxes a García Lorca, pero non a nomean coma escenógrafa. Tampouco participou como conferenciante nin expuxo a súa obra, mentres outros artistas e intelectuais o fan.

A principios de 1939 a visitou José Venegas, director do periódico España Republicana e o 30 de abril ese periódico publicou unha nota de benvida, despois de un ano da súa chegada da que se fixeran eco os diarios comerciais importantes.

A súa militancia e a súa loita tiñan outros percorridos. O 14 e o 16 de agosto de 1938 La Vanguardia de Barcelona editou un longo artigo de Maruja en dúas partes “Relato Veraz de la realidade de Galicia”, onde describiu os crimes, fusilamentos e abusos que viu nos seus últimos meses en Galicia.

Relato veraz de la realidad de Galicia

Por Maruja Mallo

Una artista ilustre, una mujer de original sensibilidad, revela así la tragedia de su patria:

[Continuación.]

[illegible]

Mientras los curas hablan de política desde los púlpitos, la cruz es otro signo de terror, otra arma que empuña el mando negro y sangriento. Al mismo tiempo que cuelgan a Cristo en las paredes de las escuelas, aparecen por los montes, las carreteras y las playas, los cadáveres de los maestros. La mayor parte de los libros son quemados en las cuadras o yacen pisoteados en el estiercol y las herraduras de los caballos.

En uno de nuestros arreglos e inevitables viajes, antes la misa que se estaba celebrando en la plaza de un pueblo, unos kilómetros más tarde encontramos desparrramados por una cuneta, diecisiete cadáveres de hombres jóvenes. Aquella noche del 16 de agosto, pasaban por Verín 300 camiones repletos de falangistas y abastecimientos de guerra, y uno de los aldeses me lejana. Iban al frente del cuadrante. Unos días más tarde, estos mismos camiones volvían descenellados, ametrallados, vacíos. Entonces empezaron a dar los plazazos más largos

La primera fecha para la «conquista de la capital» fue, según los curules y militares, el 25 de julio día de Santiago Apóstol. Cuando un santo o una fecha les fracasaba, decían furibundos: «La guerra durará lo menos quince días, lo más cuatro meses para que todo esté en nuestro poder.»

dral armado de fusiles y pistolas para destituir de los altares a Santiago Apostol diciendo que era *«El Corazon de Jesús quien debia ocupar aquel lugar»*. Durante la acalorada disputa, llegaron tres carlistas que se opusieron a este hecho, diciendo: *«Santiago Apostol está fastidiado porque los militares han traído a los moros y, además, Franco es espiritista»*. Como la discusión tomaba una realidad más brusca y ya en el coro de la catedral habia sonado un disparo y un *«Viva Alemania y muera España»*, tuvo que intervenir la Guardia civil.

El día de noviembre once, a las trece y cinco de la mañana, la emisora de Burjos daba la noticia de que las tropas nacionalistas habían entrado en Madrid a las doce de la mañana. Se izaron las banderas y aparecieron las colgaduras monárquicas en todas las ventanas y en todos los balcones. Madrid había caído. A las cinco de la tarde, Radio Club Português daba un comunicado que decía así: «Las tropas nacionalistas han entrado por el sur de Madrid. En este momento están pasando por la calle de Alcalá. En la Central de Teléfonos y en la de Correos se está dando la alarma de incendio. Por eso, invitaba al pueblo a que se retirara. Por los calles de Lisboa están celebrando una manifestación de júbilo por la caída de los rojos».

[illegible]

fueses esto hubiera durado menos que el canto de un gallo.
Yo no sé leer ni escribir, pero sí pondrá muchas veces el
sol antes que Madrid calce. Y estos bachilleritos están hacien-
do el payaso con tanto trapo y tantas cosas.» «Madrid no se
coge ni por el c...», respondió una lavandera.

«Esta noche, grababa la falange encañonada, si me quedará en
la calle, voy a hacer un poco de ruido para que las puertas sean
que todos salgan a festejar nuestro heroísmo. ¡El que no salga,
a la calle será multado.» Al día siguiente se publicó una orden
para todo forastero que estuviera en la zona «salvada» por
el ejército y que fuese vecino de Madrid: «No salir sin paño-
peto, ni pantalón, ni corbata, ni chaleco, ni camisa, ni pañuelo.
Hay que purificar a Madrid. Para esto está organizado un
cuervo especial de veinte mil armas, para hacer limpieza.»

Desde la caída del 7 de noviembre, los nacionalistas no quieren ir al frente. Los pocos moros que quedan, se niegan también a ir al frente de Madrid y al de Asturias. Llegan con los pesos heridos de disparos que ellos mismos se hacen para residir cómodamente en los sanatorios, ya que su mantenimiento corre a costas del pueblo, que es saqueado a mano armada por las fuerzas negras. **Matar rojos y comer pollo todos los días**, dicen los moros.

Los falangistas están desacreditados ante los militares por la cantidad de crímenes que al comienzo de la sublevación cometieron, sin causa política, y por la cantidad de multas que impusieron a los campesinos por caprichos personales. El fuero de la Falange llegó a desautorizar a la Guardia civil y a los Carabineros, aunque la mayor parte de éstos habían sido ya asesinados por los rebeldes, manifestándose en los pueblos por el odio a la rebelión, de parte del Gobierno y frente al ejército. En la Coruña, en el mes de agosto, había orden de destruir a la Falange a las 10 de la noche, por los crímenes exorbitantes que cometieron.

Después del 6 de noviembre los falangistas no quieren ir a los frentes: «Nosotros nos hicimos de la Falanga para hacer desfiles; para ir al frente están los soldados.» «Madrid es muy grande», decían los nacionalistas después de la derrota del 7 de noviembre.

Desfilan los soldados y los músicos, por las calles más céntricas de la ciudad. Levantan siempre un gesto hostil, profundamente sombrío. Marchan con ira sorda, desconfianza ante la presencia hierática de las muchedumbres caídas, y entre las columnas de humo que se elevan, se comenta en voz baja: «*Ellos saldrán con los nuevos gobiernos. Mañana será el día de los puños en alto.*» Las familias más distinguidas desde los balcones de sus casas, miran con dolor a Tejero, a los muros y a los nacionalistas. La mayor parte de las bombillas que forman las guirnalda que atraviesan las calles, obligadas desde el día de octubre a estar encendidas el día de la toma de Madrid, están fundidas por los temporales, y las banderas monárquicas y de la Falange desgarradas por las lluvias y los vientos. Los bailarines de flamenco, que el primer día de un vendaval que arrasó ese carnaval antes que

a Madrid le toquen el rabo. Allí los camaradas tienen armas.» Otro esotérico callejero de esta farisa sauerkraut son las mujeres con el pelo al rape y grabadas en la frente con F. H. P. No les daban al principio cubrir las cabezas con los pañuelos, como es costumbre entre las obreras y campesinas; después se ordenó que se cubrieran nuevamente, obstando ellas en no cumplir este mandato, diciendo: «*Así saben quiénes fuimos, quiénes somos y quiénes seremos.*» (Continuad.)

Artigo de
Maruja
Mallo

“Relato
Veraz de
la Realidad
de Galicia”

La Van-
guardia 14
de Agosto
de 1938

MEMORANDUM FOR MR. MALLO (1337)

Para Maruja foi fácil con tantos coñecidos introducirse nos medios periodísticos da colectividade ao ser invitada ás súas reunión. Ela mantiña certa amizade con Blanco Amor e con Seoane, puido xestionar algunha participación, non obstante pareceu non intentalo. Posiblemente foi unha decisión consciente da artista que non quixo participar dun medio altamente machista coma era o da colectividade española; é que a súa distancia cos estereotipos de muller obediente, detrás dun home e de intereses masculinas que dominaba nas asociación étnicas, era evidente. As comisión de mulleres (Díaz, 2007) constituíanse á sombra dos varóns que eran os encargados de executar, elas apenas decoran ou colaboran, sen opinar ou tomar decisión. Maruja non tiña nin buscaba marido, non tiña fillo nin irmán, tomaba decisión libremente en todos os aspectos da súa vida, era unha persoa íntegra que opinaba mirando os seus intereses e ideas, qué lle podían ofrecer neses banquetes pantagruélicos con longos discursos de graves verbas?

Afastouse das xuntanzas do Tortoni, que frecuentou asiduamente nos primeiros tempos do seu exilio. Moitas puideron ser as causas, por exemplo que ese tamén era un ámbito machista onde as ideas republicanas mesturábanse coas galeguistas e non coincidía con estas últimas. Ela tiña unha visión universalista do mundo, non podía apoiar un galeguismo ao que vía moi parecido ao nacionalismo que combatía. Por outra banda, outro motivo importante para o seu afastamento en 1939 puido evitar calquera contacto con Alberti ou María Teresa León, xa que a intensa relación afectiva que tivo con Rafael Alberti rematou no ano 1931, cando el sen dar explicacións foise con León a Mallorca. Rafael Alberti non só negou a relación senón que tamén negou a influencia evidente de Maruja Mallo na súa obra; recen rompeu o silencio en 1985, tras a morte de María Teresa e Maruja nunca falou do ocorrido.

O seu pensamento estaba en Buenos Aires e tamén en España onde quedaran os seus irmáns, por iso alegrouse ao recibir carta deles a principios de 1938 dicindo que estaban ben e soñara co regreso ao saber que a súa situación no Ministerio de Instrución Pública estaba resolto²⁴.


²⁴ Carta de Maruja Mallo-Alfonso Reyes Abril 1938

Dende a súa chegada a Buenos Aires como exiliada xa pasaran tres anos. A súa situación non era mala, tiña un moi bo lugar para vivir, un traballo estable, posibilidades de seguir pintando e viaxando, xuntanzas sociais, notas en revistas e diarios, amigos do exilio e amigos da elite porteña. En aspecto estaba mellor que cando vivía en Madrid, pero faltáballe a esperanza dun mundo diferente, o que antes era realidade convertérase nun soño afastado. A caída da República sumiuna nunha profunda tristeza²⁵ xa non tiña unha España para volver. Cando caeu Europa en mans do nazismo borrouse toda esperanza, semellante catástrofe deprimiuse²⁶, só se acordaba dos meses pasados en Galicia baixo Franco. Xa non precisaba asegurarse o regreso cuns papeis que lle dicían que seguía a ser funcionaria do Ministerio de Instrución Pública. Era exiliada dun lugar que existía só no recordo. Maruja era acción, de verbas xustas, lanzouse ao futuro que o máis apropiado, o que podía construír, o que non lle ían a sacar. Superou ese momento pintando, facendo plans para seguir creando, viaxando, pensando, aproveitando a liberdade que lle daba este exilio.

Para Maruja Mallo cuxa mellor obra era ela mesma, vivindo ese personaxe irreverente, axustado na medida e o cálculo das súas obras e rompendo o equilibrio no cotiá co seu parecer sobre o aceptado, o permitido, o “normal”, o exilio foi unha oportunidade para volveuse a erguer sobre os seus zapatos, estirar o pescozo e ver o panorama para elixir o camiño a seguir.

“Esqueleto”

(Maruja
Mallo, s.d.)



²⁵ La Nación de Santiago de Chile 07/03/1939.

²⁶ Carta Maruja Mallo-Alfonso Reyes 16/07/1941.



Pájaro
(Maruja Mallo, s.d.)

Referencias

- BONET, J. M. (2007) Diccionario de las Vanguardias en España 1907-1936. Madrid: Alianza.
- DIAZ, Hernán M. (2007) Historia de la Federación de sociedades gallegas: identidades políticas y prácticas militantes. Buenos Aires: Biblos.
- DIEZ-CANEDO, Aurora. (2010). Enrique Díez-Canedo, Buenos Aires, 1936: Selección de cartas recibidas. *Olivar*, 11(14), 129-147. Recuperado 07/02/2017 (http://www.scielo.org.ar/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1852-44782010000100010&lng=es&tlng=es).
- GÓMEZ, Miguel. (1937) Maruja Mallo. Pintora orientada por claros conceptos técnicos y estéticos. *Voz del Interior*. Córdoba, lunes 22 de marzo de 1937.
- GUTIERREZ VIÑUALES, Rodrigo (2007) “Seoane en el centro. Algunos itinerarios por el arte en Buenos Aires (1936-1963)”. En: Gutiérrez Viñuales, Rodrigo y Seixas Seoane, Miguel Anxo.
- SEOANE EN EL CENTRO. ALGUNOS ITINERARIOS POR EL ARTE EN BUENOS AIRES (1936-1963) Buenos Aires. Escenarios de

Luis Seoane. La Coruña. Fundación Luis Seoane. Recuperado 08/02/2017 (<http://www.ugr.es/~rgutierr/PDF1/115.pdf>). Maruja Mallo (1994) [Catálogo] Museo Nacional de Bellas Artes. Buenos Aires.

- MELENDEZ, Amelia (2006) Maruja Mallo entre artistas mujeres y arte femenino. VIII Jornadas Nacionales de Historia de las mujeres. III Congreso Iberoamericano de Estudios de Género. Universidad Nacional de Córdoba, Argentina. Recuperado 02/02/2017(www.academia.edu/7776507_Maruja_Mallo_entre_artistas_mujeres_y_arte_femenino._VIII_Jornadas_Nacionales_de_Historia_de_las_mujeres._III_Congreso_Iberoamericano_de_Estudios_de_Género._Universidad_Nacional_de_Córdoba_Argentina_2006._Edición_en_CD).
- ORTUÑO, Barbara (2010) El exilio y la emigración española de posguerra en Buenos Aires, 1936- 1956. Alicante: Facultad de filosofía y letras de Alicante.
- PEREZ RODRIGUEZ, M. Antonia (2014) Correspondencia Maruja Mallo-Alfonso Reyes (1938-1945) Edición anotada Madrygal, 2014, 17 Universidade da Coruña Departamento de Humanidades. Recuperado 02/02/2017 ([https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/articleview File/45740/42986](https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/articleview/File/45740/42986)).
- PEREZ RODRÍGUEZ, Maria Antonia (2003) Maruja Mallo a través da base de datos do Centro de Documentación do Xornal La Nación de Bos Aires.Congreso sobre Maruja Mallo. Actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural em Viveiro os días 24, 25 é 26 de outubro de 2002. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
- PEREZ LEIRA, L. (2011) Protagonistas de una epopeya colectiva II Parte. Pontevedra: Galicia en el Mundo. Crónicas de la emigración.
- REI NÚÑEZ, Luis. (1987) A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste. A Coruña: do Castro.
- VAZQUEZ RAMIL, R. (2015). La Residencia de Señoritas de Madrid durante la II República: entre la alta cultura y el brillo social. Espacio, Tiempo y Educación. Recuperado 08/02/2017 (<http://dx.doi.org/10.14516/ete.2015.002.001.016>).
- VIDAL, Carme (1999) Maruxa Mallo. Vigo: A nosa terra



Cadernos de Estudos Xerais

Xa publicados:

Nº 1 - «Xosé María Díaz Castro» · E. Mariño
Davila, V. Pérez Prieto, A. Blanco Torrado

Nº 2 - «De Galicia a Chiloé. Chile a la vista de E.
Blanco-Amor» · Luis Pérez Rodríguez

Nº 3 - «Impresións de Emilia Pardo Bazán sobre a Primeira Guerra Mundial» · M.
González Prieto e R. Axeitos Valiño

Nº 4 - «Moncho Valcarce: un militante social e político galeguista, un cura atípico, un
profeta e un místico cristián» · VV.AA.

Nº 5 - «Evocación e lembranza de Manuel Espiña Gamallo» · VV.AA.

Nº 6 - «Luisa Viqueira Landa: unha heroína republicana» · VV.AA.

Nº 7 - «Oitava de voces para Manuel María» · VV.AA.

Nº 8 - «A longa pósguerra (1936-1953) de Ramón Vilar Ponte» · José María
Monterroso Devesa

Neste número prestou a súa colaboración:

Carlos Nuevo Cal.

Cronista oficial de Viveiro e presidente do seminario Terra de Viveiro (Lugo), cunha longa traxectoria cultural. Finalista do VII Premio Ánxel Fole en 1993, gañador do premio XVII Premio Ánxel Fole en 2003 e novamente gañador en 2009 do XXIII Premio Ánxel Fole polo ensaio "Maruja Mallo: de prometedora pioneira a artista universal (Materiais para unha biografía exacta e completa da pintora viveiresa entre 1902-1936)". Foi nomeado vicepresidente da Asociación Cultural Sementeira de Viveiro a finais da década dos 70. Presidente da Asociación de Defensa de la Ría na década dos 80. Membro fundador da Asociación de Amigos del Conjunto Histórico Artístico de Sargadelos. É dende fai anos colaborador e participante activo en revistas (Tempos Novos, Enclave-E.N.), xornais (Heraldo de Viveiro, A Nosa Terra, La Voz de Galicia, El Progreso, Diario 16, etc), e incluso programas radiofónicos (Radio Voz-Lugo). Tamén foi pregoiro das Festas do Entroido de Viveiro (1988), Festas Patronais e de Verán de Viveiro (1988), e das Festas de Nadal de Viveiro (2003).

Analía Álvarez González.

Nada en Buenos Aires de pais ourensanos. Licenciada en Bibliotecoloxía e Documentación pola Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires e Especialista en Xestión Cultural pola Universidade Nacional de San Martín. Participou da apertura da Biblioteca Galega de Buenos Aires da Federación de Asociacións Galegas da que foi a súa primeira bibliotecaria. Desempeñouse como bibliotecaria en institucións educativas públicas e privadas da cidade de Buenos Aires. Foi Xefa de Biblioteca do Instituto do Profesorado Sara C. de Eccleston da Cidade de Buenos Aires ata o ano 2016. Actualmente é colaboradora da "Escuela de la Palabra" dirixida por Graciela Deza e investiga sobre a temática da muller e emigración.

Edita

Colabora



A. C. IRMÃOS
SUÁREZ
PICALLO

